

NOVIDADE
EDITORIAL




EDITORA
alvarelllos

«As pequenas virtudes», dous reveladores ensaios de Natalia Ginzburg, agora en galego

Alvarelllos Editora lanza esta primavera “As pequenas virtudes”, dous transformadores ensaios da célebre escritora italiana traducidos á nosa lingua pola Premio Nacional María Alonso Seisdedos.

FICHA TÉCNICA: 81 pp. 12 x 19 cms
ISBN 978-84-18567-94-0. PAPEL FSC. PVP:14,90 €



SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA DE 2026.- Traemos á nosa lingua **As pequenas virtudes**, dous textos dunha das grandes autoras da posguerra, **Natalia Ginzburg**, que consideramos imprescindibles, por orixinais e honestos, sobre a **educación e as relacións humanas**.

Decidimos seleccionar dous relatos –situados a medio camiño entre o ensaio e a autobiografía–, dos once que integraron orixinalmente o volume *Le piccole virtù* (Turín, 1962) de Natalia Ginzburg (Palermo, 1916-Roma, 1991): o que dá título a este libro, «*As pequenas virtudes*», escrito en Londres na primavera de 1960, e, previamente, o titulado «*As relacións humanas*», escrito en Roma en 1953.


Contamos, para o noso proxecto, cunha tradutora de excepción, a Premio Nacional de Tradución **María Alonso Seisdedos**, quen xa t rouxera ao galego a inesquecible *Léxico familiar* (Laiovento, 2022), o grande éxito de vendas de Ginzburg, que vería a luz precisamente moi pouco despois destas «pequenas virtudes».

Con estes dous relatos Natalia «fala» por segunda vez na nosa lingua. Oxalá veñan máis traducións.

«As relacións humanas» e «As pequenas virtudes» tiveron o **poder de cambiar o noso xeito**

de mirar. Desexamos que, cada un e cada unha de vós, lectoras e lectores, sintades esa mesma emoción transformadora, a das palabras escritas con honestidade e liberdade.

NATALIA GINZBURG (Palermo, 1916-Roma, 1991) é unha das voces máis singulares e relevantes da literatura italiana e europea de posguerra. Comprometida, humilde e sensible. Posuidora dunha ollada aguda, radical e única. Ela é quen de observar profundamente baixo os ollos das persoas e describir o resultado de maneira aparentemente sinxela, despoxada e auténtica. Ginzburg fala do íntimo, do universo familiar. Fala do humano, en definitiva. Cando o seu amigo Italo Calvino recibiu en 1962 *As pequenas virtudes*, exclamou: «O teu mellor libro!».



© Bridgeman Images

